

INTRODUCCIÓN

A presente obra culmina unha triloxía de publicacións que compendia os resultados máis salientables do Mapa Sociolingüístico de Galicia. Este ambicioso proxecto de investigación, aberto co estudio da lingua inicial e da competencia lingüística, continuado coa análise dos usos lingüísticos e agora rematado coa observación das actitudes lingüísticas, pretende ofrecer un panorama amplo, obxectivo e pormenorizado da situación sociolingüística galega, de xeito que non só sirva para afondar no seu coñecemento, senón que ademais poida ser de proveito para futuras tarefas da planificación lingüística de Galicia.

Debe, xa que logo, entenderse este terceiro volume da triloxía non só como unha publicación diferenciada, senón tamén como parte integrante dunha análise máis extensa da relación entre lingua e sociedade. A interrelación entre competencias, conductas e actitudes lingüísticas está sobradamente probada pola investigación sociolingüística. Abonda con lembrar que as actitudes positivas cara ás linguas favorecen a súa aprendizaxe e mesmo o seu emprego, aspectos

que, á súa vez, poden repercutir naquelas. Ademais, é ben sabido que nas comunidades onde é posible o uso de varias linguas, as escollas lingüísticas poden evidenciar unha actitude favorable cara ó idioma elixido. O estudio das actitudes convértese así nun referente necesario para explicar determinadas conductas relativas á aprendizaxe e utilización das linguas.

Pero tampouco debemos esquecer a relevancia das actitudes como manifestación independente dos citados factores. A información que achegan sobre a maneira en que os falantes conciben os feitos lingüísticos, a importancia que lles atribúen na súa escala de valores, o grao de identificación coas linguas, as expectativas que teñen depositadas nela, etc., son pautas valiosas para comprendermos fenómenos esenciais do futuro dos idiomas, especialmente naquelas situacións onde coexisten varias linguas.

A investigación das actitudes lingüísticas non está exenta de riscos e dificultades. Á complexidade que leva consigo o estudio da rede de relacións existente entre as linguas e os grupos sociais hai que engadi-la derivada da propia natureza multicompoñencial das actitudes en xeral e en concreto das lingüísticas. Neste estudio entendemos estas últimas como manifestacións de estados mentais expresados nos correspondentes xuízos que os entrevistados emitiron sobre as linguas, o seu uso e mesmo sobre os seus falantes. Somos conscientes de que este tratamento das actitudes supón unha restricción importante, e mesmo discutible, respecto da forma máis habitual de entendelas, pero a necesidade de facilita-lo manexo da información ós posibles interesados (sociolingüistas, planificadores, etc.) e, como se explica en diante, as esixencias metodolóxicas derivadas do tamaño mostral —que facía case imposible aplicar probas individualizadas da medición de cada unha das compoñentes actitudinais por separado— obrigáronnos a optar por esta modalidade. Operamos, logo, con xuízos verbais emitidos polos entrevistados sobre obxectos actitudinais como institucións, linguas (en especial no relativo ó seu emprego, utilidade, futuro, transmisión, aprecio, etc.) e sobre os seus usuarios. Tamén debemos destacar que se ben a organización da información en actitudes, crenzas, prexuízos, responsabilidades normalizadoras, etc., está baseada na devandita concepción multicompoñencial, importa sobre todo a dimensión conxunta do fenómeno acti-

tudinal. De aí o noso esforzo por encontrarmos unha medida xeral do mesmo, como se aprecia no tratamento da variable Actitude lingüística xeral, síntese de diversas actitudes ante usos, ámbitos, etc.

O tratamento que neste estudio lles damos ás actitudes cara ó uso do galego en determinados ámbitos —ensino, Administración, etc.— débese non só a que constitúen núcleos centrais da planificación lingüística, senón ó interese que ofrece para o futuro da lingua galega a aceptación deste idioma en espazos prestixiados. Noutros casos, os nosos esforzos encamiñáronse a avalia-la conformidade coa presenza do galego en ámbitos de moi diversa natureza, non menos transcendentais para o porvir desta lingua. É evidente que a vitalidade dun idioma tamén se mide pola súa presenza, real ou desexada, nun amplo abano de situacións. Finalmente, quixemos indaga-la existencia de determinados prexuízos tanto pola súa relación coa consideración social das linguas coma pola repercusión desfavorable para o galego que se lles ten atribuído. Neste sentido, é obrigado subliñar xa desde esta breve presentación que hoxe non parece posible asocia-lo galego ó atraso, á pobreza e á incultura, porque os nosos datos non só desmenten a existencia de actitudes negativas cara a este idioma, senón que mostran, como se poderá observar na análise da Actitude lingüística xeral, que o aprecio por esta lingua é maior canto máis se usa e se coñece.

Polo que atinxe á ordenación dos resultados, mantémo-la liña dos anteriores volumes da triloxía. Consonte as pautas alí establecidas, adoitamos presentar primeiro unha perspectiva xeral da situación de cada fenómeno no conxunto do territorio galego e, a seguir, unha visión dos distintos aspectos actitudinais nos seis sectores seleccionados entre os trinta e catro que constitúen a mostra.

Así mesmo, queremos facilitarlle ó lector diversas maneiras de aborda-lo traballo presentándolle a información de tres formas diferentes: unha xeral, mediante mapas e gráficos; outra máis pormenorizada, detallada e completa, en forma de táboas de continxencia para quen se interese pola distribución dos datos de acordo coas variables consideradas independentes; e, finalmente, unha terceira constituída por glosas e comentarios, coa que se pretende salienta-lo máis relevante de cada fenómeno estudado, tratando no posible de relacionalo co contido xeral do volume e da triloxía.

Por último, queremos insistir en que, malia ó noso esforzo a prol do rigor científico e da obxectividade na análise e interpretación da información, a descrición das actitudes é un labor arriscado, complexo e difícil. Por iso non dubidamos de que o lector saberá desculpa-las posibles lagoas e dar novo sentido ó que aquí propoñemos.